

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO
LOCAL CELEBRADA O DÍA 02 DE NOVEMBRO DE 2007.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** do día **DOUS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúne a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do señor tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e a concelleira **Dª MARIA DOLORES GARCIA TROTIÑO** do Secretario acctal. da Corporación **DON DAVID GARCIA LAREO** e da Interventora municipal **DONA ANA Mª LOUREIRO SILVA**.

Non asiste: **Dª OFELIA REY RECIMIL**
 Dº JAVIER CUIÑA MACEIRA

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCIÓNS.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-las actas correspondentes ás sesións do 05, 11 e 19 de outubro de 2007.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNNS.-

2.1.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 7089, de data 02 de novembro de 2007, polo que se concede, á Dª MERCEDES CAMPOS NOVO, un caudal de auga de 0,20 l/seg

procedente de dous (2) pozos situados na parcela 1014, polígono 513 do lugar de Martixe (Silleda), con destino a uso pecuario.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.2.- Escrito da Gerencia Territorial del Catastro de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 7095, de data 02 de novembro de 2007, remitindo información relativa ó Punto de Información Catastral, así como solicitando distinta información referente ó Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito ó responsable do Punto de Información Catastral do Concello, para que proceda a remitir a documentación requerida.

2.3.- Escrito da Dirección Xeral de Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 7097, de data 02 de novembro de 2007, informando sobre as sesións formativas do Servizo Integrado de Actuación Policial, SIAPOL, que terán lugar os vindeiros días 14, 15 e 16 de novembro, na Academia Galega de Seguridade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada e pendente de designar a persoa que sustitúa a Alcaldesa no caso en que ela non poida acudir.

2.4.- Escrito da Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Rexistro de Entrada nº 7099, de data 02 de novembro de 2007, remitindo cartelería de “Noite Bus”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Xuventude.

2.5.- Informe da Policía Local do Concello de Silleda, Referencia 266/07, de data 30 de outubro de 2007, en relación ós feitos denunciados por D^a M^a del Pilar García Vilela, en materia de prevención de incendios, ante a Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este informe á mencionada delegación.

2.6.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 7044, de data 30 de outubro de 2007, polo que se concede, á Dº ANICETO BRANDARIZ BECERRA, un caudal de auga de 0,27 l/seg procedente dun manancial situado no lugar de Marcón, parroquia de Dornelas (Silleda), con destino a uso gandeiro e rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.7.- Escrito de Dº Manuel Mosquera Fernández, en representación dos veciños do

lugar do Marco-Siador, solicitando anchear o paso subterráneo da estrada Silleda-Laro, no P.K. 2,460.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, para que procedan a estudiar a posibilidade da realización deste ancheo.

2.8.- Escrito de D^a María del Carmen Castro Lago, Rexistro de Entrada nº 7035, de data 30 de outubro de 2007, solicitando o traspaso, o seu nome, da licencia do establecemento denominado “Café Bar Lago”, sito na rúa General Franco, nº 55 de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á oficina técnica municipal para que procedan comunicar á solicitante os trámites a seguir ou documentación que deberá aportar.

2.9.- Escrito de D^o Manuel Rodríguez Barreiro, en representación das empresas Silleda Jardín S.L. e Revolta 2005 S.L., Rexistro de Entrada nº 7012, de data 29 de outubro de 2007, solicitando compensación do pago da licencia de obras solicitada a nome de Revolta 2005, S.L. para rehabilitación de vivenda unifamiliar no lugar de Chopiño, parroquia de Saidres, con facturas pendentes a nome de Silleda Jardín S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar ó Sr. Rodríguez Barreiro que se acepta compensar o pago da licencia únicamente con facturas o mesmo nome que o peticionario da licencia de obras anteriormente mencionada, Revolta 2005, S.L.

2.10.- Escrito de D^a Isabel Iglesias Andrade, na condición de Presidenta de entidade Asociación de Veciños, Centro Cultural e Recreativo “San Martín”, Rexistro de Entrada nº 7003, de data 29 de outubro de 2007, comunicando que, por motivos persoais, presenta renuncia ó cargo de Presidenta da mencionada Asociación.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.11.- Escrito de Espina&Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 7000, de data 29 de outubro de 2007, remitindo análise de control da auga correspondente a rede de distribución da rúa M^a Colmeiro 8 (Silleda) e e rúa PPO, nº 23 (Bandeira), sendo realizadas ambas tomas en data 15.10.2007, e con resultado de auga apta para o consumo con non conformidade.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda remitir o mesmo ó Sr. Fontanero Municipal.

2.12.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 7015, de data 30 de outubro de 2007, remitindo resolución da directora xeral para o Deporte pola que se denega, ao abeiro da orde do 24 de abril de 2007 (DOGA nº 88, do 8 de maio de 2007) a solicitude de subvención desta entidade para pavimentación no pavillón polideportivo municipal por acadar unha valoración inferior ás accións programadas, en relación coas que resultado subvencionadas.

A Xunta de Goberno Loca queda enterada deste escrito.

2.13.- Escrito da Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Rexistro de Entrada nº 7016, de data 30 de outubro de 2007, comunicando as rutas deste concello, para o curso 2007-2008, que se van a poñer en marcha no marco do Progama de Transportes Escolar Compartido de Galicia (TES+BUS).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acordan realizar os trámites oportunos para intentar cubrir o 100% das rutas do Concello.

2.14.- Escrito da Subdirección Xeral de Programación e Proxectos de Augas de Galicia, Rexistro de Entrada nº 7014, de data 30 de outubro de 2007, remitindo copia dunha ordenanza tipo de vertidos e uso do sistema público de saneamento en baixa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Sr. Fontanero Municipal para que proceda o seu estudio e informe.

2.15.- Escrito da Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Rexistro de Entrada nº 6985, de data 29 de outubro de 2007, remitindo notificación de resolución en relación a subvención de transporte a lugares de lecer baixo a marca “Noite Bús”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Intervención e o Concelleiro de Xuventude.

2.16.- Escrito da Gerencia Territorial del Catastro de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 6984, de data 29 de outubro de 2007, remitindo autorización para establecemento dun Punto de Información Catastral, así como a comunicación de rexistro de usuario e guía práctica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó encargado do Punto de Información Catastral do Concello de Silleda.

2.17.- Escrito de Dº José Villaverde Gimeno, Rexistro de Entrada nº 6989, de data 29 de outubro de 2007, solicitando asfaltado de camiño que vai dende a antiga estrada N-525 á finca nº 1174 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Obras.

2.18.- Escrito de Dº Baldomero Nebra Rendo, Rexistro de Entrada nº 6987, de data 29 de outubro de 2007, solicitando asfaltado de camiño que vai dende a antiga estrada N-525 á finca nº 1171 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Obras.

2.19.- Escrito de Dº José Villaverde Gimeno, Rexistro de Entrada nº 6988, de data 29 de outubro de 2007, solicitando inicio de expediente de desafección e posterior venta dun camiño existente dentro da finca nº 1174 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, xa que na actualidade este camiño non une a ningunha finca.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito á Secretaría para que estudie a posibilidade do solicitado.

2.20.- Escrito da Directora da Escola de Educación Infantil de Escudro, Rexistro de Entrada nº 6998, de data 29 de outubro de 2007, solicitando nomeamento do representante municipal para a constitución do Consello Escolar da Escola de Educación Infantil de Escudro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar á mencionada Directora que, no Pleno da Corporación, na súa sesión organizativa do 13 de xullo de 2007, accordouse nomear representante municipal no Consello Escolar da Escola de Educación Infantil de Escudro o Concelleiro Dº Javier Cuiña Maceira.

2.21.- Escrito de Dº Alfredo Canabal Lázara, Rexistro de Entrada nº 6957, de data 26 de outubro de 2007, solicitando a incorporación da súa vivenda ó servizo de abastecemento de auga de Corrospedriños, parroquia de Refoxos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro Sr. Lázara Moreda.

2.22.- Escrito de Dº Manuel Lamas Puente, Rexistro de Entrada nº 6958, de data 26 de outubro de 2007, solicitando reposición de puntos de luz, xunto a sua vivenda situada no lugar de Toxa, nº 19 (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Electricista Municipal.

2.23.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6965, de data 26 de outubro de 2007, en relación o expediente MA961A 2007/000646-4 de denuncia presentada polo Seprona de Lalín contra Dª José Antonio Nunes Ginja por incorrecta xestión de residuos gandeiros e non xustificar posuir licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este expediente á oficina técnica municipal para que emitan informe y posterior remisión á Delegación Provincial da Consellería do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

2.24.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 7091, de data 02 de novembro de 2007, remitindo información en relación ó dereito mineiro “Cuatro Amigos” nº 1861 da titularidade da sociedade Explotación Minera de Campomarzo, S.A., xuntamente con plano do Plan de Labores de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este informe ó Técnico municipal para que proceda á comprobación das coordenadas UTM no ámbito das cales estase a desenrolar a actividade da canteira e posteriormente, a vista do informe da Consellería e dos datos obtidos de campo, se informe sobre si os traballos que realiza a canteira se atopan dentro do ámbito da concesión administrativa.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Escrito de Dº Agustín Fernández González, en representación da empresa CONSTRUCCIONES AGUSTÍN CHAIRA, S.L., Rexistro de Entrada nº 7002, de data 29 de outubro de 2007, solicitando devolución de aval correspondente á obra “Construcción Base de Control e Operacións de Mantemento e Servizos do Concello de Silleda”, que ascende a cantidade de 4.800,00 □□□.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar á devolución do aval solicitado e dar traslado deste acordo á Intervención Municipal.

4º.- SUBVENCIÓNS.-

4.1.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 6994, de data 29 de outubro de 2007, remitindo acordo da Xunta de Goberno, correspondente a súa sesión do 17 de outubro de 2007, polo que se concede unha prórroga ata o 30 de abril de 2008 para xutificación das seguintes obras:

OBRA	Núm.	PLAN	SUBVENCIÓN
Biblioteca Local Social de Xestoso e outros servizos	222/946	PAM/06	15.000,00
Acondicionamento e mellora de rúas (San Isidro, Morón e Emilio Alonso Paz) e arranxo de viais	224/784	PAM/06	20.000,00
Pavimentación beirarrúas dende EN-525 ata campo de fútbol de Lamela	226/923	PAM/06	4.000,00
Mellora nas parroquias de Cortegada, Cira e Taboada	227/931	PAM/06	24.040,48
Saneamento rúa Xeral de Bandeira	228/559	PAM/06	19.196,50

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á traballador deste Concello Dº Juan Carlos Peteiro Rodríguez.

4.2.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 6967, de data 26 de outubro de 2007, solicitando remisión da Acta de replanteo da obra nº 136/611 do PAM/06-08 anualidade 2007, denominada “Restauración do Antigo Centro de Saúde como Biblioteca Local Social e Outros Servicios para a Terceira Idade”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á traballador deste Concello Dº Juan Carlos Peteiro Rodríguez.

4.3.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 6997, de data 29 de outubro de 2007, comunicando que a Dirección Xeral para a Administración Local do Ministerio de Administracións Públicas accede a ampliar o prazo de execución das seguintes obras ata o 31 de decembro de 2007:

PLAN	Nº OBRA	DENOMINACIÓN DA OBRA
POL/06	613	Saneamiento C/ Santa Eulalia
	633	Captación y canalización agua zona rural de Silleda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á traballador deste Concello Dº Juan Carlos Peteiro Rodríguez.

4.4.- Dase conta da modificación do proxecto denominado “Mejora de los Accesos a los núcleos de población y pavimentación de vías públicas del municipio de Silleda”, correspondente ó PPC/2007, redactado polo Enxeñeiro Técnico Dº Roberto Estévez Vázquez, de data outubro de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á modificación deste proxecto por non supoñer variación no presuposto de execución por contrata, e remitir este acordo á Deputación Provincial de Pontevedra para que, si procede, preste aprobación a esta modificación.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Actividades Clasificadas:

5.1.1.- Examinado o expediente promovido por Dº ANTONIO OTERO MONTOUTO, en virtude de instancia nº 4127 de data 13 de setembro de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a instalación de tres invernadoiros para cultivos ornamentais, a ubicar na finca nº 573 do polígono 5 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, nas proximidades do lugar de Barrabaite, parroquia de Lamela (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Raúl Sotelo Cabral, visado polo Colexio Oficial en data 10 de setembro de 2007, actividade comprendida no Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumplíndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación

no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca naturaleza da actividade, de data 30 de outubro de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividad, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantizar a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co dispuesto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal N° 4127/07 instada por Dº ANTONIO OTERO MONTOUTO, para instalación de tres invernadoiros para cultivos ornamentais, a ubicar na finca nº 573 do polígono 5 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, nas proximidades do lugar de Barrabaite, parroquia de Lamela (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo ó Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial (Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes) de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica, e unha vez obtida a mesma remitirase ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental (Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible).

5.2.- Visto que por resolución de alcaldía, de data 4 de xullo de 2.007, acordouse iniciar o procedemento de execución da sentencia nº 1225/2000 dictada pola sala do contencioso-administrativo do TSX de Galicia en data 27 de xullo de 2.000.

Visto que no fallo da citada sentencia se declara que debe procederese á demolición do edificio litixioso no necesario para que a súa altura non exceda de 15,80 metros e a planta de soto destinada a garaxe cumpla as prescipcións do PXOM e que a tales efectos este Concello deberá requerir ós propietarios dos áticos e da planta soto do edificio litixioso para que procedan á presentación dos correspondentes proxectos de demolición do edificio en 36 cm de altura e de legalización da planta soto para garaxe respectivamente.

Visto que a efectos de dar cumprimento á devandita sentencia dispúxose que por parte do arquitecto municipal se procedera a determinar o prazo que deberá concederse ós propietarios do edificio litixioso para a presentación neste concello dos correspondentes proxectos de demolición do edificio en 36 cm de altura e de legalización da planta soto para garaxe respectivamente

Visto o informe emitido polo arquitecto asesor municipal, de data 17 de xullo de 2.007, polo que se dispón que deberá concederse ós propietarios do edificio litixioso un prazo de un mes para a presentación dos citados proxectos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1.- Requerir a D. Luis Moreira Matos, a Dona Esther Moreira Matos e a D. Antonio José Calveiro Alcobre, como propietarios dos baixos e da última planta do edificio sito no lugar de Bandeira, entre a rúa Xeral e o Calexo da Empanada, afectado pola sentencia nº 1225/2000 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia, en data 27 de xullo de 2.000 para que dentro do prazo de un mes, presenten neste Concello os correspondentes proxectos de demolición do edificio en 36 cm de altura e de legalización da planta soto para garaxe e soliciten as correspondente licencias municipais.

Se transcorrido o prazo de un mes desde o requerimento os interesados non solicitan a oportuna licencia, acordarase a contratación do proxecto e a realización das obras de demolición e legalización pola Administración, con carácter subsidiario, previo apercibimento e a costa dos interesados.

2.- Notificar este Acordo ós interesados indicando os oportunos recursos administrativos.

6º.- INTERVENCIÓN.-

6.1.- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00015-07, de data 02 de novembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 67.602,08 □□□

ROGOS E PREGUNTAS

1.- Pola Sra. Alcadesa-Presidenta infórmase á Xunta de Goberno Local que, con data 31 de outubro de 2007, asinouse entre o Concello de Silleda e OCA Hotels, S.L., un contrato de cesión temporal de instalacións no establecemento denominado “Hotel Katiuska” en Silleda para a organización e desenrollo de actividades programadas polo Concello. As instalacións consisten en piscina de Spa e Salón de eventos na quinta pranta, e o prezo da cesión ascende a cantidade de cincocentos euros mensuais mais IVA.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste convenio.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as quince horas e vintecinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acctal., dou fe.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO acctal,